

## **PRIMEIRAS ACTIVIDADES**

As primeiras actividades que se realizarán no marco do proxecto darán comezo en Nadalxogo. Durante catro mañás (os días 26, 29 e 30 de decembro e o 2 de xaneiro) e por dúas horas, os rapaces que se anoten poderán participar en obradoiros de elaboración de doces de Nadal típicos destas datas.

Coa reanudación do curso escolar dará comezo a fase científica do proxecto coa realización das medicións dos nenos nos colexios para poder ter as primeiras análises e facer o seguimento durante os catro anos iniciais de duración do programa. Tamén co curso efectuaranse os talleres de “Comer cos cinco sentidos” en colaboración, ao igual que os de Nadal, coa Asociación de Empresarios de Restauración e Hospedaxe de Santiago de Compostela. Estes cursos terán lugar nas aulas de formación da asociación, na rúa de Salvadas, en Vista Alegre.

Os talleres “Comer cos cinco sentidos” teñen a finalidade de promover os hábitos saudables entre os escolares de educación infantil e primaria de Santiago, co obxectivo de afondar en todos os elementos que teñen que ver coa alimentación dos escolares: as materias primas (pescados, carnes, hortalizas, legumes e froitas), a cociña, os profesionais da cociña, o instrumental e o vestuario, a limpeza e preparación dos alimentos, a importancia dos sentidos na cociña, etc.

Haberá diferentes propostas didácticas dependendo das idades dos participantes, unhas pensadas para o alumnado de 4 a 7 anos e outras para os alumnos de educación primaria (2º e 3º ciclo). Están previstas unhas cincuenta sesións.

Acompañaron ao alcalde na rolda de prensa o doutor Tojo, en representación do Comité Científico do Programa Thao; o director xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia, Ramón Medina; o reitor da Universidade de Santiago, Senén Barro; os concelleiros de Sanidade e Consumo e de Educación, Xosé Baqueiro e Guadalupe Rodríguez; a doutora Rosaura Leis e os presidentes das Asociacións de Empresarios do Tambre, Jesús Chenel, e de Hostelería de Santiago e Comarca, Jesús Sordo.